

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO
24 DE FEBREIRO DE 2025

No Salón de Actos do Auditorio Municipal (*por mor das obras de rehabilitación que se levan a cabo na Casa Consistorial de Ribeira*), sendo as vinte horas do **luns 24 de febreiro de 2025** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral o 19-02-2025*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario.

A celebración do pleno adopta a modalidade de **“presencial”** según **Decreto de Alcaldía de data 19 de febreiro de 2025**.

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Juana María Brión Santamaría
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón, <i>asiste telemáticamente (*)</i> .
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos,
4.-Tania Redondo Fernández <i>asiste telemáticamente (**)</i>
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

(*), (**) **art. 121 bis do Regulamento Orgánico Municipal**, que é do seguinte tenor literal:

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

1



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54

CSV: 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2



“Os/as Concelleiros/as que gocen do permiso de maternidad ou paternidad, así como aqueles que padezan enfermidade grave que claramente impida a súa asistencia persoal á sesión, poderán asistir a distancia ás sesións plenarias mediante videoconferencia ou outro procedemento similar, participando no debate e votación dos asuntos a tratar, sempre que quede garantido o sentido do voto e da súa liberdade para emitilo.

Pola Presidencia do Pleno adoptárase unha resolución reguladora do funcionamento do sistema de asistencia a distancia mediante videoconferencia, na que se determinarán os medios informáticos e de todo tipo a utilizar e as garantías que se consideren necesarias para o adecuado exercicio das funcións de fe pública pola Secretaría Xeral do Concello.”

*(**) A Sra Redondo Fernández incorporábase presencialmente durante o debate do punto nº 6 da Orde do día, quedando xustificada e acreditada a súa presenza telemática durante os primeiros cinco puntos por razóns de índole médica, según documentación que obra no expediente da súa razón.*

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, D. Pablo Bao Castro.

ORDE DO DÍA

PARTE I-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 6 DE FEBREIRO DE 2025

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno extraordinario celebrado o 6 de febreiro de 2025.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/as Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión extraordinaria do día **6 de febreiro de 2025.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 6 de febreiro de 2025.**

2.-REVISIÓN DE PREZOS PARA O ANO 2025 DO CONTRATO SUSCRITO CON VIAQUA, S.A.U.



Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 7 de febreiro de 2025 do seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. Acordo plenario do 31 de maio de 2010 adxudicando a “AQUAGEST S.A.” o contrato de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, co prezo medio de 0,45 €/m3 facturado (Cv= 0,1528 €/m3).
2. Acordo plenario de data 26 de novembro de 2012 polo que se aproba a revisión de prezos do contrato de auga e saneamento para o exercicio 2012.
3. Acordo plenario de data 19 de decembro de 2013 polo que se da conta do cambio de titularidade do contrato de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira a nome da empresa VIAQUA, Xestión Integral de Augas de Galicia S.A.U.
4. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de Aquagest de data 25 de setembro de 2012, solicitando unha nova revisión de prezos para o ano 2013.
5. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de Aquagest de data 10 de outubro de 2013, solicitando unha nova revisión de prezos para o ano 2014.
6. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de Aquagest de data 6 de outubro de 2014, solicitando unha nova revisión de prezos para o ano 2015.
7. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de Aquagest de data 8 de outubro de 2015, solicitando unha nova revisión de prezos para o ano 2016.
8. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 5 de outubro de 2016, solicitando unha nova revisión de prezos para o ano 2017.
9. Escrito presentado no rexistro do concello por Julio Armando Masid Bande en representación de VIAQUA S.A.U. de data 11 de decembro de 2017, solicitando unha nova revisión de prezos para o ano 2018.
10. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 16 de novembro de 2018, solicitando revisión de prezos para o ano 2019.
11. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 14 de novembro de 2019, solicitando revisión de prezos para o ano 2020.
12. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 6 de abril de 2021, solicitando revisión extraordinaria de prezos para o ano 2020 e a revisión ordinaria para o ano 2021.
13. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 2 de novembro de 2021, solicitando revisión de prezos para o ano 2022.
14. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 25 de novembro de 2022, solicitando revisión de prezos para o ano 2023.
15. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 25 de setembro de 2023, solicitando revisión de prezos para o ano 2024.
16. Escrito presentado no rexistro do concello por Casimiro González Fernández en representación de VIAQUA S.A.U. de data 28 de novembro de 2024, solicitando revisión de prezos para o ano 2025.
17. Informe da enxeñeira municipal de 06/02/2025 informando favorablemente as solicitudes de VIAQUA S.A.U.
18. Informe de intervención de data 06/02/2025 no que se realizan os cálculos das revisións de prezos.

PROPOSTA:

Polo exposto propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



1.- Aprobación da revisión ordinaria do ano 2025, cun coeficiente de actualización do 1,9018%, resultando as seguintes tarifas:

	<i>Retribuc. solicitada para 2025</i>
<i>Retribución total (Tarifa media)</i>	0,6186 €/m3
<i>Retribución 1º bloque auga</i>	0,3679 €/m3
<i>Retribución 1º bloque saneamento</i>	0,1452 €/m3
<i>Amortización 1º bloque</i>	0,1055 €/m3
<i>P (Total 1º bloque)</i>	0,5131 €/m3
<i>Retribución 2º bloque auga</i>	0,1734 €/m3
<i>Retribución 2º bloque saneamento</i>	0,0685 €/m3
<i>Amortización 2º bloque</i>	0,3767 €/m3
<i>Cv (Total 2º bloque)</i>	0,2419 €/m3

2.- Que se abone á empresa concesionaria do servizo conforme a nova tarifa dende 1 de xaneiro de 2025.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PPB, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

4

CSV: 07E900174D0800R206B4V7M5L2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R206B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
 LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
 Fecha: 01/04/2025
 Hora: 17:54



Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteún membros que de dereito o integran **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, sobre **REVISIÓN DE PREZOS PARA O ANO 2025 DO CONTRATO SUSCRITO CON VIAQUA, S.A.U**, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:- Aprobar a revisión ordinaria do ano 2025, cun coeficiente de actualización do 1,9018%, resultando as seguintes tarifas:

	Retribuc. solicitada para 2025
Retribución total (Tarifa media)	0,6186 €/m3
Retribución 1º bloque auga	0,3679 €/m3
Retribución 1º bloque saneamento	0,1452 €/m3
Amortización 1º bloque	0,1055 €/m3
P (Total 1º bloque)	0,5131 €/m3
Retribución 2º bloque auga	0,1734 €/m3
Retribución 2º bloque saneamento	0,0685 €/m3
Amortización 2º bloque	0,3767 €/m3
Cv (Total 2º bloque)	0,2419 €/m3

Segunda:- Que se abone á empresa concesionaria do servizo conforme a nova tarifa dende 1 de xaneiro de 2025.

3.-BONIFICACIÓN ICIO-EXPT 2023-LIC-000004-KIBU INMUEBLES S.L.U.

Dase conta ao Pleno dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de febreiro de 2025 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 7 de febreiro de 2025 do seguinte tenor literal:



PROVIDENCIA.-

Visto o Expediente 2023-LIC-000004, relativo á solicitude de licenza para construción de nave almacén por KIBU INMUEBLES, S.L.U., e solicitude de bonificación do 50 por 100 do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras ao comprometerse á creación de 1 empregos con carácter indefinido.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de 16/03/2023, de outorgamento da licenza urbanística solicitada no referido Expediente 2023-LIC-000004.

Considerando que a Ordenanza Fiscal A.4, reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras, establece no seu artigo 7, relativo ás bonificacións da cota do imposto:

...

Circunstancias de fomento do emprego.

Sempre que así se solicite polos interesados, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra en caso de construcións, instalacións ou obras realizadas nos locais afectos ao exercicio dunha actividade económica da que o suxeito pasivo sexa titular, cando sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicárase do seguinte xeito:

- Ata o 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Para a concesión desta bonificación deberán concorrer os seguintes requisitos:

a) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.

b) Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados desde o inicio da actividade.

c) Non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que procedan de traslados ou diminucións de plantillas ou postos de traballo doutros centros do suxeito pasivo dou o seu grupo no termo municipal de Ribeira. En caso de fusión, absorción, cambio de denominación ou similares, non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que xa dispuxeran de contrato laboral nunha empresa afectada por este tipo de procesos.

d) Os traballadores deberán ter como destino principal ou lugar no que desempeñan a totalidade ou a meirande parte do seu traballo o local obxecto da obra bonificada.

e) Os contratos de traballo deberán formalizarse non prazo máximo de tres anos desde a concesión da licenza de obras correspondente, ou da prórroga que se conceda no seu caso para a execución da obra.

A bonificación deberá solicitarse con carácter previo ou simultáneo á concesión da correspondente licenza de obras. Xunto ca solicitude de bonificación, o interesado achegará a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver no local obxecto da obra, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.

2. Declaración dos empregos a crear, detallando o seu número e modalidade da xornada.

3. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social, consistente con dita declaración.

A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación: 1. Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).



2. Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa.

A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo de mantemento do emprego, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo ingresarse na Tesourería Municipal o importe da bonificación.

A obra deberá levarse a cabo nun chan que permita o uso industrial segundo Plan Xeral de Ordenación Urbana Municipal.

Considerando que:

1.- Por acordo do Pleno da Corporación, de 29/07/2024, outorgouse unha bonificación de ICIO a unha empresa polo seu compromiso de creación de 35 postos de traballo fixos a xornada completa.

2.- Parece contradictoria a redacción da Ordenanza Fiscal A.4, no senso de sinala un “ata” para o 95 por 100 de bonificación (conforme ao art. 103.2.a do RDL 2/2004) e non establecer este “ata” nos tramos de creación de ata 10 e ata 20 empregos (co que resultaría a mesma porcentaxe de bonificación para a creación de 1 ata 10 – 50%, e de 11 ata 20 – 75%).

3.- O art. 3.2 da Ordenanza Fiscal Xeral municipal outorga á Alcaldía a competencia para ditar instrucións e circulares que conteñan as disposicións interpretativas e aclaratorias das ordenanzas fiscais.

Así, visto o precedente sinalado no apartado 1 anterior, unha posible modulación deste beneficio fiscal sería:

Nº POSTOS	BONIFICACIÓN	Nº POSTOS	BONIFICACIÓN
1	5%	18	70%
2	10%	19	72,50%
3	15%	20	75%
4	20%	21	76,34%
5	25%	22	77,68%
6	30%	23	79,02%
7	35%	24	80,36%
8	40%	25	81,70%
9	45%	26	83,04%
10	50%	27	84,38%
11	52,50%	28	85,72%
12	55%	29	87,06%
13	57,50%	30	88,40%
14	60%	31	89,74%
15	62,50%	32	91,08%
16	65%	33	92,42%
17	67,50%	34	93,76%
		35	95,00%

Polo tanto, esta Alcaldía, de conformidade coa normativa exposta, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Outorgar unha bonificación do 5% da cota do Imposto de Construcións, instalacións e obras polas obras construción de nave almacén da firma solicitante (KIBU INMUEBLES, S.L.U.), pola creación de 1 posto de traballo de carácter indefinido a xornada completa, a formalizar na liquidación definitiva do ICIO e unha vez cumpridos os requisitos que se recollen na Ordenanza Fiscal A.4.

2º.- Aprobar a seguinte liquidación provisional dos tributos correspondentes á licencia urbanística do Expediente 2023-LIC-000004:

CONCEPTO	IMPORTE
Base imponible sg. Proxecto básico	3.949.810,45 €
Cuota I.C.I.O. 2,5%	98.745,26 €
Bonificación I.C.I.O. 5%	-4.937,26 €
Taxa actividades urbanísticas	215,47 €
TOTAL LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA 2025-6023	94.023,47 €
Aboado en autoliquidación 2023-2050	215,47 €
DIFERENZA A INGRESAR	93.808,00 €



3º.- Requirir á firma promotora para que aporte a seguinte documentación:

3.1.- Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social, consistente con dita declaración.

3.2.- A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación: Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).

3.3.- Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa (únicamente no terceiro exercicio posterior ao inicio da actividade).

3.4.- Plantilla media a 31 de decembro de cada un dos tres anos posteriores ao inicio da actividade, no modelo que ao efecto emite a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

3.4.- Compromiso de reintegro da bonificación do I.C.I.O. (4.937,26 euros) no caso de incumprimento do compromiso de creación de emprego obxecto deste beneficio fiscal.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de xaneiro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PPB, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de febreiro de 2025, sobre **BONIFICACIÓN ICIO-EXPT 2023-LIC-000004-KIBU INMUEBLES S.L.U.**, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:- Outorgar unha bonificación do 5% da cota do Imposto de Construcións, instalacións e obras polas obras construción de nave almacén da firma solicitante (KIBU INMUEBLES, S.L.U.), pola creación de 1 posto de traballo de carácter indefinido a xornada completa, a formalizar na liquidación definitiva do ICIO e unha vez cumpridos os requisitos que se recollen na Ordenanza Fiscal A.4.

Segundo:- Aprobar a seguinte liquidación provisional dos tributos correspondentes á licencia urbanística do Expediente 2023-LIC-000004:

CONCEPTO	IMPORTE
Base imponible sg. Proxecto básico	3.949.810,45 €
Cuota I.C.I.O. 2,5%	98.745,26 €
Bonificación I.C.I.O. 5%	-4.937,26 €
Taxa actividades urbanísticas	215,47 €
TOTAL LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA 2025-6023	94.023,47 €
Aboado en autoliquidación 2023-2050	215,47 €
DIFERENZA A INGRESAR	93.808,00 €

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R206B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54

CSV: 07E900174D0800R206B4V7M5L2



Terceiro:- Requirir á firma promotora para que aporte a seguinte documentación:

1.- Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social, consistente con dita declaración.

2.- A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación: Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).

3.- Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa (únicamente no terceiro exercicio posterior ao inicio da actividade).

4.- Plantilla media a 31 de decembro de cada un dos tres anos posteriores ao inicio da actividade, no modelo que ao efecto emite a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Compromiso de reintegro da bonificación do I.C.I.O. (4.937,26 euros) no caso de incumprimento do compromiso de creación de emprego obxecto deste beneficio fiscal.

4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2025, RELATIVO Á RELACIÓN DE FACTURAS Nº 9/2025. CONTINUACIÓN DO PROCEDEMENTO

2024 66001620	18/04/2024	J70433008 - J. CARPIDIRET, S.C.	1.183,38€
2024 66004362	07/11/2024	A15000649 - LA VOZ DE GALICIA, S.A.	1.936,00€
2024 66004363	07/11/2024	A15000649 - LA VOZ DE GALICIA, S.A.	1.815,00€
2024 66004583	29/11/2024	G70323522 - ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA XIADA	200,00€
2024 66004593	02/12/2024	52932383E - ROMERO MARTINEZ OSCAR	1.216,00€
2024 66004594	02/12/2024	52932383E - ROMERO MARTINEZ OSCAR	978,50€
2024 66001562	11/04/2024	B15067861 - GRAFICAS GARABAL, S.L.	1.424,80€
2024 66001563	11/04/2024	B15067861 - GRAFICAS GARABAL, S.L.	2.636,40€
2024 66001564	11/04/2024	B15944002 - DOSTEX, S.L.	215,68€
2024 66001565	11/04/2024	B15944002 - DOSTEX, S.L.	251,98€
2024 66001566	11/04/2024	B15944002 - DOSTEX, S.L.	795,51€
2024 66001569	11/04/2024	B15944002 - DOSTEX, S.L.	232,93€
2024 66001619	18/04/2024	Dase conta ao Pleno dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de febreiro de 2025 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 12 de febreiro de 2025 do seguinte tenor literal:	

“Vistas as facturas pendentes de aprobación e pago incluídas na relación 9/2025, con un importe de 16.516,18 € referidas á prestación dos servizos que nela se describen polos seguintes provedores:



3.630,00€

TOTAL LÍQUIDO..... 16.516,18€

Visto o informe de intervención do 12 de febreiro de 2025 polo que se repara a realización dos mencionados gastos por omisión de requisitos e trámites esenciais, en concreto a inexistencia de crédito suficiente e axeitado no momento de realizar o gasto.

Visto que a totalidade de gastos recollidos na relación 9/2025 foron efectivamente realizados e que os prezos son de mercado. Polo tanto, en uso das atribucións conferidas polo art. 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 21.1 f) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta alcaldía, PROPÓN AO PLENO o seguinte:

Primeiro.- Levantar os efectos do reparo contido no referido informe de intervención, continuando coa tramitación do expediente.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 9/2025, aprobar e dispor gasto e recoñecer a obriga nas aplicacións correspondentes.

Terceiro.- Que por parte dos servizos de Intervención se dea oportuno reflexo contable deste acordo.

Cuarto.- Que se dea traslado do acordo ao servizo de Tesourería, para que se proceda ao seu aboamento. “

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de xaneiro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR:	11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)
-VOTOS EN CONTRA:	0
-ABSTENCIONES:	10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de febreiro de 2025, sobre **RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2025**,

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

10

CSV: 07E900174D0800R206B4V7M5L2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R206B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54



RELATIVO Á RELACIÓN DE FACTURAS Nº 9/2025. CONTINUACIÓN DO PROCEDEMENTO, e, en consecuencia aproba:

Primeiro.- Levantar os efectos do reparo contido no referido informe de intervención, continuando coa tramitación do expediente.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 9/2025, aprobar e dispor gasto e recoñecer a obriga nas aplicacións correspondentes.

Terceiro.- Que por parte dos servizos de Intervención se dea oportuno reflexo contable deste acordo.

Cuarto.- Que se dea traslado do acordo ao servizo de Tesourería, para que se proceda ao seu aboamento. “

5.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROXECTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA CRISTOBAL COLÓN, ENTRE A RÚA LUGO E A RÚA EDUARDO PONDAL.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 12 de febreiro de 2025 do seguinte tenor literal:

“A rúa Cristóbal Colón, é unha das principais estradas do centro urbano de Ribeira, presenta un estado de deterioración que afecta negativamente tanto á calidade de vida dos seus residentes como ao desenvolvemento socioeconómico da zona. A falta de intervencións nos últimos anos provocou que os pavimentos estean en condicións deficientes, con fochancas, beirarrúas estreitas e servizos públicos obsoletos, o que limita a funcionalidade e a accesibilidade da rúa.

Consciente desta situación, o Concello de Ribeira propón unha actuación integral que non só modernice a infraestrutura existente, senón que tamén contribúa ao benestar social, a revitalización económica e a mellora da contorna urbana, en liña co obxectivo marcado para reverdecer Ribeira.

A rúa Cristóbal Colón alberga unha alta densidade de poboación, incluíndo familias, persoas maiores e crianzas que diariamente se enfrontan a dificultades para transitar por beirarrúas estreitas e en mal estado. A ampliación das beirarrúas facilitará unha circulación peonil segura e cómoda, fomentando a inclusión e a accesibilidade universal, especialmente para persoas con mobilidade reducida e aquelas que se dirixen aos seus domicilios ou ao cemiterio municipal. A incorporación de áreas verdes e a plantación de árbores non só embelecerán a contorna, senón que crearán espazos amables para a poboación, contribuírán á diminución de gases contaminantes e promoverán unha mellor calidade de vida.

A rehabilitación da rúa Cristóbal Colón tamén terá un efecto positivo na economía local. Unha infraestrutura moderna e accesible favorecerá a actividade comercial na zona. Os baixos comerciais da zona beneficiaranse dun incremento no tránsito peonil, o que pode traducirse en novas aperturas e maiores vendas e novas oportunidades de investimento para os negocios que xa están instalados. Ademais, a mellora dos servizos públicos, como a renovación da rede de abastecemento de auga e saneamento, garantirá unha infraestrutura eficiente, reducindo custos de mantemento a longo prazo e mellorando a calidade dos servizos básicos para a cidadanía.

A deterioración da infraestrutura urbana afecta directamente á seguridade e o benestar das persoas residentes. As fochancas e as beirarrúas en mal estado aumentan o risco de accidentes, especialmente para as persoas maiores e crianzas. A actuación proposta prioriza a seguridade peonil e vehicular, creando unha contorna urbana máis segura e saudable. A mellora das redes de abastecemento e saneamento tamén ten un impacto directo na saúde pública xa que se contempla cambiar as antigas tubaxes de formigón por colectores de PVC. Neste sentido prevese substituír a liña de abastecemento de auga na marxe dereita por unha de maior sección e renovarase a rede de saneamento con colectores de PVC en ambos os lados.

O proxecto contempla unha reordenación integral da vía, que incluírá a redución da calzada a un único carril de circulación nun sentido e a habilitación dunha franxa de aparcamento en liña no lado dereito. As beirarrúas



ampliaranse considerablemente, alcanzando 2,20 metros na marxe esquerda e 3,60 metros no dereito alén da xa mencionada plantación de árbores que contribuirán á mellora estética e ambiental da rúa. Así mesmo, na actuación prevese o reforzo da iluminación eliminando esa aparencia actual de zona lúgubre garantindo unha contorna máis segura.

A magnitude e o impacto desta actuación requiren a colaboración interinstitucional para garantir o seu éxito. Por iso, é fundamental establecer un convenio coa Deputación da Coruña, que permita acceder a recursos financeiros que posibiliten a execución do proxecto. Este convenio de colaboración facilitará a realización da obra nos prazos previstos e consolida a boa cooperación entre o Concello de Ribeira e a Deputación da Coruña para realizar actuacións que benefician á veciñanza, actuacións que non serían posibles sen a axuda económica da institución provincial.

A rehabilitación da rúa Cristóbal Colón é unha necesidade urxente que responde a criterios sociais e económicos. Esta actuación mellorará significativamente a calidade de vida da poboación residente na zona, dinamizará a economía local e contribuirá ao desenvolvemento dunha Ribeira pensada nas persoas. A colaboración coa Deputación da Coruña será clave para levar a cabo este proxecto con éxito, marcando un fito nun novo modelo urbano centrado nas persoas, mellorando a mobilidade, a seguridade e aumentando as zonas verdes.

Visto o proxecto de “Mellora da Accesibilidade na Rúa Cristobal Colón, entre a Rúa Lugo e a Rúa Eduardo Pondal”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro 2025, cuxo orzamento de execución por contrata é de 267.964,98€

En base ao exposto, e por medio da presente, propónse a adopción dos seguintes acordos polo Pleno da Corporación:

Primeiro.- Aprobado o interese público de carácter social e económico do proxecto de “Mellora da Accesibilidade na Rúa Cristobal Colón, entre a Rúa Lugo e a Rúa Eduardo Pondal”.

Segundo.- Solicitar ante a Excm. Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa ao marxe dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plans da Deputación, debido a tipoloxía e contía da actuación a realizar, polo importe de 214.371,98 euros, que supoñen o 80% de coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata.

Terceiro.- Aprobado o compromiso da Corporación de asumir o restante 20% do coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata, con cargo aos fondos propios do Concello de Ribeira, ascendo a 53.593,00euros.

Cuarto.- Aprobado o proxecto “Mellora da Accesibilidade na Rúa Cristobal Colón, entre a Rúa Lugo e a Rúa Eduardo Pondal”.

Quinto.- Facultar ao Alcalde D. Luís Antonio Perez Barral para actuar en nome e representación do Concello de Ribeira”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PPB, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0



Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, sobre **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROXECTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA CRISTOBAL COLÓN, ENTRE A RÚA LUGO E A RÚA EDUARDO PONDAL**, e, en consecuencia aproba:

Primeiro.- Aprobado o interese público de carácter social e económico do proxecto de “Mellora da Accesibilidade na Rúa Cristobal Colón, entre a Rúa Lugo e a Rúa Eduardo Pondal”.

Segundo.- Solicitar ante a Excm. Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa ao marxe dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plans da Deputación, debido a tipoloxía e contía da actuación a realizar, polo importe de 214.371,98 euros, que supoñen o 80% de coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata.

Terceiro.- Aprobado o compromiso da Corporación de asumir o restante 20% do coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata, con cargo aos fondos propios do Concello de Ribeira, ascendo a 53.593,00euros.

Cuarto.- Aprobado o proxecto “Mellora da Accesibilidade na Rúa Cristobal Colón, entre a Rúa Lugo e a Rúa Eduardo Pondal”.

Quinto.- Facultar ao Alcalde D. Luís Antonio Perez Barral para actuar en nome e representación do Concello de Ribeira”.

6.-DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO PLENO DE 27 DE NOVIEMBRE DE 2024 DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DO CENTENARIO

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 13 de febreiro de 2025 do seguinte tenor literal:

“Visto o recurso de reposición contra o acordo do pleno de data 27/11/2024, da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e xestión do aparcamento da Praza do Centenario, presentadas por Juan Manuel Lorenzo Hernando, en representación de PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA, S.A (R.E. n° 2025423), de data 07/01/2025.

Visto o informe emitido polos servizos de Tesourería, Intervención, Contratación e Secretaría do Concello de Ribeira, en data 13/02/2025.

Polo exposto, proponse ao Pleno da Corporación como órgano de contratación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Juan Manuel Lorenzo Hernando, en representación de PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA, S.A (R.E. n° 2025423), en data 07/01/2025, contra o acordo do pleno de data 27/11/2024, da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e xestión do aparcamento da Praza do Centenario, de conformidade aos termos recollidos no informe emitido polos servizos de Tesourería, Intervención, Contratación e Secretaría do Concello de Ribeira emitido en data 13/02/2025.



SEGUNDO.- Notificar o presente acordo, a Juan Manuel Lorenzo Hernando, en representación de PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA, S.A”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBL, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 10 PP

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 18 de febreiro de 2025, sobre **DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO PLENO DE 27 DE NOVIEMBRE DE 2024 DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DO CENTENARIO**, e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.-Desestimar o recurso de reposición presentado por Juan Manuel Lorenzo Hernando, en representación de PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA, S.A (R.E. nº 2025423), en data 07/01/2025, contra o acordo do pleno de data 27/11/2024, da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e xestión do aparcamento da Praza do Centenario, de conformidade aos termos recollidos no informe emitido polos servizos de Tesourería, Intervención, Contratación e Secretaría do Concello de Ribeira emitido en data 13/02/2025.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo, a Juan Manuel Lorenzo Hernando, en representación de PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA, S.A”.

7.-SOLICITUDE RENUNCIA Á C OMPATIBILIDADE DE D. MIGUEL ÁNGEL VIDAL LOJO.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 18 de febreiro de 2025 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 13 de febreiro de 2025, que é do seguinte tenor literal:

“VISTO o escrito presentado con data 2 de decembro de 2024, rex de entrada nº 29329 por **D. Miguel Ángel Vidal Lojo, DNI nº 52458726G, dinamizador do museo Municipal “ Casa dona Adela”**, no que solicita o remate con efectos 31 de decembro de 2024 da compatibilidade concedida polo Pleno da Corporación na Sesión celebrada o día 27 de xullo de 2020 para o desempeño de actividade no ámbito privado.

VISTO o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data 13 de febreiro de 2025.

CONSIDERANDO o artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025 **14**



Servizo das Administracións Públicas

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de Administracións Públicas e Relacións Institucionais que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aceptar a renuncia presentada con data 2 de decembro de 2024, rex de entrada nº 29329, por D. Miguel Ángel Vidal Lojo, DNI nº 52458726G, dinamizador do museo Municipal “ Casa dona Adela” ,e con efectos de 31 de decembro de 2024, respecto da compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada, recoñecida con data 27 de xullo de 2020 polo Pleno da Corporación.

SEGUNDO. Notificar á persoa interesada o presente Acordo xunto cos recursos pertinentes.

TERCEIRO. -Notificalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Persoal, Intervención e Tesouraría ós efectos oportunos.

CUARTO. -Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 18 de febreiro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

(durante o debate do punto nº 7, o Sr. alcalde-presidente chama á orde por primeira vez á Sra. Sampedro Fernández, concelleira voceira do grupo municipal do PP, por non ceñirse ó punto da orde do día)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinteun membros de dereito aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 18 de febreiro de 2025, sobre **SOLICITUDE RENUNCIA Á COMPATIBILIDADE DE D. MIGUEL ÁNGEL VIDAL LOJO**, e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO. Aceptar a renuncia presentada con data 2 de decembro de 2024, rex de entrada nº 29329, por D. Miguel Ángel Vidal Lojo, DNI nº 52458726G, dinamizador do museo Municipal “ Casa dona Adela” ,e con efectos de 31 de decembro de 2024, respecto da compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada, recoñecida con data 27 de xullo de 2020 polo Pleno da Corporación.

SEGUNDO. Notificar á persoa interesada o presente Acordo xunto cos recursos pertinentes.

TERCEIRO. -Notificalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Persoal, Intervención e
Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025 **15**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54

CSV: 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2



Tesouraría ós efectos oportunos.

CUARTO:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

8.-PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GM DO PP E NO SEU NOME POR D. ALEJANDRO VIDAL ÁLVAREZ SOBRE ACTUACIÓNS NA CASA DE CULTURA DE CASTIÑEIRAS

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Educación ,Cultura, Xuventude e Deportes de data 18 de febreiro de 2025 sobre proposición presentada polo GM do PP e no seu nome por D.Alejandro Vidal Álvarez con data 12 de febreiro de 2025 (rex de entrada nº 20253456)) e que é do seguinte tenor literal:

“D. Alejandro Vidal Álvarez, concelleiro do Grupo Municipal Popular de Ribeira, con DNI 52932435-V, presenta ao Pleno da corporación Municipal de Ribeira a seguinte PROPOSICIÓN

Unha vez máis, os veciños e veciñas da parroquia de Castiñeiras constatamos como o actual goberno tripartito, que se presentaba como o gran salvador das parroquias e defensor do benestar dos seus habitantes demostra, lamentablemente, que a súa prioridade é a inauguración de proxectos que forman parte da herdanza, da que só falan no seu senso máis negativo, máis que o mantemento e mellora das infraestruturas xa existentes.

Este feito faise evidente cando analizamos a situación da Casa da Cultura de Castiñeiras e a súa contorna, onde se atopa tamén a Igrexa da parroquia: un espazo de uso común e de gran relevancia social pero que, actualmente, presenta un preocupante estado de deterioro debido á falta de mantemento que clama ao ceo.

Así, de maneira xeral, enumeramos o estado no que se atopa o lugar. A rampa de acceso ao adro parroquial, na súa marxe esquerda, leva case un ano sen varanda de protección. No seu lugar, están colocadas vallas de obra para evitar posiblesaccidentes, pero a situación continúa sen resolverse nunha baixada con moita pendente, o que supón un perigo adicional. Se nos trasladamos á marxe dereita, atopamos a beirarrúa cuberta de verdello, o que nos días de choiva a converte nunha auténtica pista de patinaxe en determinados tramos, poñendo en risco a seguridade dos peóns.

Por outra banda, na Casa da Cultura hai unha árbore que as súas ramas levan apoiadas sobre o tellado dende antes do verán. Os días de vento xa provocaron a rotura dalgunhas tellas e, de seguir así, poderanse acabar sucedendo filtracións no interior do edificio.

Pero isto non é todo. O merendeiro que se atopaba na parte traseira desapareceu. Descoñecemos se foi retirado polo concello ou se trata de un acto vandálico. Ademais, os días nos que se celebra algún acto o aparcadoiro convértese nun auténtico caos

Despois de enumerar todas estas carencias traemos a este pleno a seguinte PROPOSTA

-O arranxo inmediato da varanda da rampa da Igrexa e a limpeza da beirarrúa para eliminar o verdello, dado que aínda quedan días de choiva.

-Podar a árbore que se encontra apoiada no tellado da Casa da Cultura e o arranxo das tellas que estean rotas.

-Colocación do merendeiro da parte traseira para que os días de bo tempo se poida utilizar.

-Iniciar os contactos co propietario da finca anexa á Casa da Cultura e ver a opción de chegar a un acordo para o seu uso como aparcadoiro público”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

16

CSV: 07E900174D0800R206B4V7M5L2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R206B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54



ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación ,Cultura, Xuventede e Deportes de data 18 de febreiro de 2025, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

(durante o debate do punto nº 8 o Sr. Suárez Puerta-Colomer, concelleiro voceiro do grupo municipal do Ps de G-Psoe, solicita da Secretaría Xeral do Concello que conste en acta a falla de respecto amosada pola Sra Barreiro Rego, concelleira do grupo municipal do PP, quen lle sacou a lingua durante a súa intervención)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** do seus vinteun membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación ,Cultura, Xuventede e Deportes de data 18 de febreiro de 2025, sobre **PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GM DO PP E NO SEU NOME POR D. ALEJANDRO VIDAL ÁLVAREZ SOBRE ACTUACIÓNS NA CASA DE CULTURA DE CASTIÑEIRAS**, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-O arranxo inmediato da varanda da rampa da Igrexa e a limpeza da beirarrúa para eliminar o verdello, dado que aínda quedan días de choiva.

Segundo:-Podar a árbore que se encontra apoiada no tellado da Casa da Cultura e o arranxo das tellas que estean rotas.

Terceiro:-Colocación do merendeiro da parte traseira para que os días de bo tempo se poida utilizar.

Cuarto:-Iniciar os contactos co propietario da finca anexa á Casa da Cultura e ver a opción de chegar a un acordo para o seu uso como aparcadoiro público

9.-PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GM DO PP E NO SEU NOME POR Dna. ANA ISABEL BARREIRO REGO SOBRE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

(ao comezo do presente punto da orde do día, a Sra. Barreiro Rego, concelleira do grupo municipal do PP, recrimina ao alcalde que mentise ao seu grupo ao comezo da Sesión xustificando a ausencia presencial (non telemática) da Sra. Redondo Fernández, concelleira do grupo municipal do PBBI, por estar convalecente dunha operación cirúrxica, cando o certo é que se acaba de incorporar presencialmente ao Pleno.

Nestes intreos o Sr. alcalde chama durante dúas veces á orde á Sra Barreiro Rego, por referirse a cuestións de índole persoal, tan sensíbles como é a enfermidade das persoas, producíndose unha situación de tensión que provoca que a instancia da Sra Pouso Maneiro ,concelleira do grupo municipal do PBBI, ou Sr. alcalde estipule un receso de cinco minutos para acougar os ánimos).



Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 18 de febreiro de 2025 sobre proposición presentada polo **GM** do **PP** e no seu nome por **Dña. Ana Isabel Barreiro Rego** con data 12 de febreiro de 2025 (rex de entrada nº 20253469)) e que é do seguinte tenor literal:

“Ana Isabel Barreiro Rego, con D.N.I. 52459627P, como concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular de Ribeira, presenta ao abeiro do que figura no regulamento do Concello de Ribeira a seguinte proposición para debate no próximo pleno do ordinario do mes de febreiro.

O pasado 15 de xuño 2024 o Auditorio de Ribeira abría a súas portas, gracias ao traballo, non sen escoios no camiño, feito polo anterior equipo de goberno. Un auditorio no que se iba a facer unha programación a altura do edificio que ese estaba inaugurando. Un edificio que nace para ser un referente cultural, un lugar para acoller a cultura, o arte, a danza a música... Un espacio de disfrute para a a xente que responda aos anhelos culturais da veciñanza de Ribeira

A Rede Galega de Teatros e Auditorios foi constituída pola Xunta de Galicia en 1996 coa intención de impulsar e espallar polo territorio as artes escénicas e musicais, con especial protagonismo do teatro e das compañías galegas.

A xestión da Rede correspóndelle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, quen cofinancia as actividades cos concellos e as entidades xestoras dos espazos asociados. Unha Rede que está deseñada como unha viestra á cultura, de carácter totalmente voluntario e non vinculante que abre un abano de posibilidades culturais máis aló do que temos.

Unha Rede que despois de case trinta anos de traxectoria, pode afirmarse que a Rede Galega de Teatros e Auditorios se ten consolidado como o principal circuito para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional, cunha programación estable e atractiva que cada ano percorre toda Galicia, atraendo cada vez máis público

Durante o primeiro semestre de 2025, a Rede Galega de Teatros e Auditorios ofreceralle ao público de 42 concellos un total de 343 funcións de teatro, música, danza, circo e maxia da man de 127 formacións artísticas, galegas na súa meirande parte. Así, desde xaneiro a xuño, poderán verse 288 funcións de teatro, 26 de danza, 17 de circo, 3 de maxia e 16 concertos

Ademais, neste primeiro semestre a Rede acollerá algunhas das agardadas novidades da temporada escénica galega, con nove estreos a cargo de Teatro Noroeste, Ibuprofeno Teatro, Iria Pinheiro, Isabel Risco, Daniel Rodríguez, Marta Alonso Tejada, Morraoconto, Paula Quintas e Julia Laport

Nesta Rede encontráanse cidades como Carballo, Vilagarcía, A Coruña, Ames, Arteixo, Boiro, Cedeira, Cee, Ferrol, Muros, Narón, Noia, Negreira, Oleiros, Ortigueira, Sada, Santiago de Compostela, Vimianzo, Burela, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ridadeo....etc etc.

Polo tanto parécemos mais que acaído traer hoxe esta proposta co ánimo de ampliar as posibilidades culturais para ofrecer á veciñanza. Pero tamén me gustaría aproveitar para dar voz a todas esas queixas que nos fan chegar para mellorar o sistema de acceso as entradas no novo auditorio xa que se podemos disfrutar dun novo espacio, debemos usar recursos tamén para mellorar este tipo de incidencias e dar un servizo de calidade

Por todo, o exposto O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte Proposición

“Solicitamos que o Goberno local de Ribeira se adhira a Rede Galega de Teatros e Auditorios para ampliar a oferta cultural como xa fixeron numerosos Concellos de Galicia”.

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada en tempo e forma (data 21 de febreiro de 2025, rex de entrada nº 4261) polos grupos municipais do **BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe**, que é do seguinte tenor literal:

“M Cruz Rivadulla Márquez, portavoz do Bloque Nacionalista Galego, Vicente Mariño e Bricio, portavoz do Partido Barbanza Independente e Francisco Suárez-Puerta Colomer, portavoz do Partido Socialista Obrero Español, presentamos a seguinte emenda á proposición d · Partido Popular sobre a adhesión á rede galega de teatros e auditorios

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

18



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54

CSV: 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2



Por este motivo, os grupos de BNG, PBBI, PSOE realizamos a seguinte emenda de substitución:

“O Goberno ribeirense, a través do persoal de Cultura, estudará as posibilidades económicas e técnicas para adherirse á Rede Galega de Teatros e Auditorios”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame así como a emenda de substitución, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, en cumprimento do disposto no artigo 1161,e do Regulamento OrgánicoMunicipal sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda de substitución** presentada polos grupos municipais do **BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** do seu número legal **aproba a emenda de substitución** presentada polos grupos municipais do **BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe**, sobre o ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación ,Cultura, Xuventede e Deportes de data 18 de febreiro de 2025, sobre **PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GM DO PP E NO SEU NOME POR Dña. ANA ISABEL BARREIRO REGO SOBRE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS**, e, en consecuencia aproba:

“O Goberno ribeirense, a través do persoal de Cultura, estudará as posibilidades económicas e técnicas para adherirse á Rede Galega de Teatros e Auditorios”

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

10.-DAR CONTA DO INFORME RESUMO DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO 2025

Dase conta dun informe de Intervención de data 23 de xaneiro de 2025 do seguinte tenor literal:

“PARTE I EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.1. INTRODUCCIÓN

O control do gasto é necesario e obrigatorio na sociedade actual e a propia Constitución Española no artigo 31.2 establece que o gasto público realizará una asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía.

*O presente Plan Anual de Control Financeiro responde ás necesidades impostas polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o **novo Real Decreto 424/2017**, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, así como a obriga de controlar a xustificación de*

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

19



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54

CSV: 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2



subvencións concedidas recollida na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, mediante un control financeiro a posteriori en materias que foran obxecto dunha fiscalización limitada ou incluso mediante auditoría de cumprimento sobre a actividade reflectida nas contas anuais das sociedades mercantís dependentes.

1.2. O CONTROL INTERNO.

De acordo co fixado no artigo 136 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade das Administracións Locais (en adiante, LRBRL), a función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, **na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia**, corresponderá á Intervención xeral municipal.

O artigo 92 bis da citada LRBRL establece que son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións Locais as de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación.

Según descrición contida na páxina oficial do Tribunal de Contas, a finalidade última do control interno da Entidade local é garantir que a actividade económico-financeira de dita Entidade adecúase aos **principios de legalidade, economía, eficiencia e eficacia**. Este control contribúe a reforzar a transparencia ante o cidadán das contas da Entidade local, de forma que estas proporcionen unha información fiable, completa, profesional e independente sobre a xestión desenvolvida pola Administración. Na Administración local española o control interno de cada entidade está atribuído á Intervención Municipal.

1.3. O NOVO MARCO LEGAL.

O artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, TRLRFL), **trala modificación experimentada con motivo da promulgación da Lei 27/2013**, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, formula o seguinte mandato:

“Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluida la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.

A propuesta del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, **el Gobierno establecerá las normas sobre los procedimientos de control, metodología de aplicación, criterios de actuación, derechos y deberes del personal controlador y destinatarios de los informes de control, que se deberán seguir en el desarrollo de las funciones de control indicadas en el apartado anterior.**

Los órganos interventores de las Entidades Locales remitirán con carácter anual a la Intervención General de la Administración del Estado un informe resumen de los resultados de los citados controles desarrollados en cada ejercicio, en el plazo y con el contenido que se regulen en las normas indicadas en el párrafo anterior.

Transcorridos máis de tres anos desde que o mencionado mandato foi establecido, o 12 de maio de 2017 viu a luz no BOE a publicación do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o Réxime Xurídico do Control Interno nas Entidades do Sector Público Local (en adiante, RD 424/2017), disposición de carácter regulamentario cuxa entrada en vigor previuse para o 1 de xullo de 2018.

Especial atención precisaría todo o relativo ao control financeiro que, xunto á función fiscalizadora, integra o control interno económico-financeiro da entidade local y das entidades dependentes.

Convén destacar neste punto que no artigo 29.4 do RD 424/2017 recóllese que no **exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal.**

1.4. AS DIFERENTES EXPRESIÓNS DO CONTROL INTERNO ECONÓMICO FINANCEIRO.

O citado RD 424/2017 establece o marco operacional que dimana do control interno na súa máis ampla acepción; o que se manifesta nas diferentes formas en que dito control interno se aplica. Ditas diferenzas pónense de releve tanto na metodoloxía que se emprega como no ámbito do seu alcance. As modalidades son as seguintes:

1.4.1. FUNCIÓN INTERVENTORA: INTERVENCIÓN FORMAL

Na súa modalidade de fiscalización previa, consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos **legais** para a adopción do acordo mediante **exame de documentos** que previamente deban estar incorporados ao expediente.

1.4.2. FUNCIÓN INTERVENTORA: INTERVENCIÓN MATERIAL

Ten por obxecto comprobar a **real e efectiva aplicación** dos fondos públicos.



1.4.3. O CONTROL PERMANENTE

Según o artigo 29.2 do RD 424/2017, o control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora co obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financieira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, **co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental**. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría. O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor (véxase a este respecto o previsto no 4.1.b) Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación nacional, en diante RD 128/2018).

1.4.4. A AUDITORÍA PÚBLICA

Segundo co artigo 29.3 do RD 424/2017, a auditoría pública consistirá na verificación, **realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática**, da actividade económico-financieira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e **instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado**. A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades: a auditoría de contas e as auditorías de cumprimento e operativa.

Distinguense tres tipos de auditorías:

a) Auditorías de contas.

Teñen por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables y orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada (artigo 29.3.A do RD 424/2017).

b) Auditorías de cumprimento.

Teñen como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financieira leváronse a cabo de conformidade coas normas que lles son de aplicación (artigo 29.3.B do RD 424/2017).

c) Auditorías operativas.

Teñen como obxecto a exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financieira e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección de aquelas (artigo 29.3.B do RD 424/2017).

1.5. ÁMBITOS SUBJECTIVOS DE APLICACIÓN DAS DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO.

Atendendo aos contidos do RD 424/2017 o ámbitos subxectivo do control interno aplicado ao Concello de Ribeira sería o seguinte:

	FUNCIÓN INTERVENTORA	CONTROL FINANCIERO		
		CONTROL PERMANENTE	AUDITORÍA	
			DE CONTAS	DE CUMPRIMENTO/OPERATIVA
CONCELLO DE RIBEIRA	SÍ	SÍ	NON	NON

PARTE II O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO, ALCANCE E FINS.

II.1. O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO COMO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN.

O apartado 3º da Exposición de motivos do RD 424/2017 recolle que, como novidade importante a destacar, o texto desenrola a necesidade e obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación do control financeiro. Para elo, introdúcese como requisito básico que o órgano interventor elabore e adopte un Plan Anual de Control Financeiro, do que deberá informar á Entidade Local, incluídas as modificacións e alteracións que se produzan. O Plan Anual de Control Financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, cando menos, un control efectivo do oitenta por cento do orzamento xeral consolidado.



Pola súa parte, o artigo 31 do RD 424/2017 desenrola a planificación do control financeiro con mención expresa aos órganos aos que atinxe a súa confección, aplicación e obtención de conclusións. A estes efectos establece dito artigo que:

“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.

El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.

Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno.”

II.2. ALCANCE SUBJECTIVO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

A partir das consideracións contidas nos epígrafes anteriores, o alcance subxectivo do Plan Anual de Control Financeiro esténdese ao Concello de Ribeira unicamente, por non ter estas entidades dependentes.

II.3. ALCANCE TEMPORAL DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025. Ao presente plan sucederá outro en cuxa elaboración terase en consideración as conclusións alcanzadas neste. Ata que non sexa aprobado, o presente plan entenderase prorrogado.

II.4. CONTIDOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Os contidos que debe incorporar un Plan Anual de Control Financeiro veñen descritos en termos xerais no artigo 31.2 do RD 424/2017, anteriormente reproducido.

Distingúense dous tipos de contidos:

- 1. As actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal.*
- 2. As actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretenden conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.*

II.4.1. ACTUACIÓNS DERIVADAS DE OBRIGAS LEGAIS.

Identifícase como actuacións de control financeiro permanente derivadas de obrigas legais as que se relacionan a continuación segundo o previsto no artigo 4.1.b) do RD 128/2018:

- 1. El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.*
- 2. El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.*

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

22



3. La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.
4. La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.
5. La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.
6. Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica.

II.4.2. ACTUACIONES SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCOS.

Como recolle o primeiro parágrafo do artigo 31.2 do RD 424/2017, a análise de riscos debe ser consistente cos obxectivos que se pretenden conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles. Así pois, o primeiro que toca determinar son os obxectivos, prioridades e medios.

A). OBXECTIVOS E FINALIDADES DO PLAN.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar da aplicación do Plan son os que se enuncian a continuación:

1. Exercer un control planificado a curto e medio prazo sobre a xestión municipal coas ferramentas e procedementos sinalados na normativa de control interno nas Entidades Locais (unhas veces de forma previa e outras mediante control financeiro ou auditoría pública) que sirvan ao xestor para mellorar dunha forma máis eficiente os recursos públicos.
2. Realizar un diagnóstico da xestión económico-financiera, sinalando debilidades, desviacións ou deficiencias.
3. Propoñer accións de mellora que corrixan ditas debilidades, desviacións ou deficiencias; e, incluso, aínda non dándose estas, permitan optimizar a xestión económico-financiera.
4. Avaliar os efectos da aplicación do Plan a fin de introducir melloras en futuros plans da mesma natureza.
5. Servir de axuda á Delegación de Economía e Facenda no relativo ao seguimento e asesoramento da xestión dos entes que integran o ámbito subxectivo do Plan, así como aos de control financeiro e de fiscalización que corresponden á Intervención Xeral.
6. Mellorar a transparencia da xestión económico-financiera dos citados entes.

B). PRIORIDADES DO PLAN.

As prioridades do Plan fíxanse a partir da análise combinada de tres factores:

1. A transcendencia do impacto potencial, cualitativo e cuantitativo que as debilidades, desviacións ou deficiencias poidan ter.
2. A probabilidade ou risco de que ditas debilidades, desviacións ou deficiencias poidan producirse.
3. O custo da oportunidade que a implementación das medidas poida comportar en relación á gravidade dos prexuízos que a súa non implementación comportarían.

C) MEDIOS DISPOÑIBLES.

Os medios dispoñibles son, basicamente, os recursos humanos de que dispón a Intervención Municipal que sexan asignados á función de control financeiro.

II.4.3. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS.

O artigo 31.3 do RD 424/2017 prevé que o Plan Anual de Control Financeiro se elaborará unha vez identificados e avaliados os riscos, segundo o concepto que dos mesmos se recolle no apartado 2 do mesmo artigo.

A aplicación do cuarto Plan anual levada a cabo durante o ano 2024 permitiu identificar os principais riscos na xestión económica do Concello de Ribeira.

No informe resumo elaborado por esta intervención aparecen como as principais anomalías detectadas que existen un plan de acción para a súa solución o fraccionamento en varios contratos de servizos e subministros.

II.4.4. ASIGNACIÓN DE PRIORIDADES.

O terceiro parágrafo do citado artigo 31.2 do RD 424/2017 establece a necesidade de asignar prioridades para seleccionar as actuacións a realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cualitativos como cuantitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

23

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048

Fecha: 01/04/2025

Hora: 17:54



con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

Establécense dous niveles de prioridade:

1º.- As áreas designadas como principais riscos no punto anterior: contratos menores.

2º.- O resto de actuacións incluídas neste Plan.

PARTE III CONTIDOS ESPECÍFICOS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO

III.1. ESTRUCTURA DOS CONTIDOS.

Estrutúrase a descrición dos contidos sinalando en primeiro lugar que so se realizarán actuacións de control permanente, por non resultar de aplicación as de auditoría pública ao Concello. En todo caso, constituirá un obxectivo o control de eficacia, que comporta a verificación de:

1. Grado de cumprimento dos obxectivos programados.
2. Custe e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

III.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE.

III.2.1. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN DO CONTROL PERMANENTE.

O control permanente ven resultar unha continuación da fiscalización limitada previa, á que complementa, coa diferenza de que se realiza de forma exhaustiva, a posteriori, con criterios de mostraxe e técnicas de auditoría. Lévese a cabo atendendo a razón fundadas na análise de riscos. Atendendo a este razoamento, o ámbito subxectivo do control permanente constitúeno as entidades suxeitas a fiscalización limitada previa, que é o caso do Concello de Ribeira.

III.2.2. ÁMBITOS OBXECTIVOS DE APLICACIÓN DO CONTROL PERMANENTE.

Con carácter xeral, o control permanente inclúe aquelas actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor. Estas actuacións, como se sinalou anteriormente, corresponderíanse coas previstas no artigo 4.1.b) do RD 128/2018, así como calesquera outras que, sendo atribuídas ao órgano interventor polo ordenamento xurídico, respondan aos mesmos propósitos do control permanente.

As referidas actuacións de obrigada realización que respondan a circunstancias concretas e específicas (caso, por exemplo, da emisión de informes ou participación en órganos) non son obxecto de planificación, levándose a cabo nos momentos que sexan procedentes ou requiridas.

Sen prexuízo do recollidos nos dous parágrafos anteriores, o ámbito obxectivo do control permanente constituirá calquera aspecto da xestión económico-financeira dos entes suxeitos a dito control que, a tenor da análise que efectúe a Intervención Xeral, se consideren que conteñen potenciais factores de risco, priorizándose segundo o grado de este medido conforma ao modelo antes detallado.

En todo caso, e non sendo obstáculo para engadir outros, prevese exercer o control permanente nos ámbitos da xestión económico-financeira que se relacionan a continuación:

1. En materia de ingresos:
 - a. Recoñecemento de dereitos de cobro.
 - b. Ingresos en xeral.
 - c. Anulacións de dereitos de cobro.
 - d. Beneficios fiscais.
 - e. Devolucións de ingresos.
2. En materia de gasto e de patrimonio:
 - a. Gastos de persoal (capítulo 1 de gastos), con especial focalización en: contratación de persoal, realización de horas extraordinarias, retribucións en concepto de produtividade e adecuación retributiva ao establecido en convenios, acordos e Lei de orzamentos xerais do Estado.
 - b. Contratación (capítulos 2 e 6 de gastos), con especial énfase en: aprobación de expedientes, procedementos de adxudicación, modificacións e execución, tanto no caso de contratos maiores como menores.
 - c. Subvencións e convenios de colaboración (capítulos 4 e 7 de gastos), atendendo principalmente a concesións, aplicación e xustificación das subvencións.
 - d. Materia patrimonial, con especial énfase en adquisicións, enaxenacións e cesións.

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

24

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048

Fecha: 01/04/2025

Hora: 17:54



As técnicas de auditoría a aplicar no control permanente responderán ás establecidas en outros ámbitos institucionais, particularmente os do Estado.

III.2.3. EXECUCIÓN DO CONTROL PERMANENTE.

De conformidade co establecido no artigo 32 do RD 424/2017, a execución das actuacións de control permanente axustaranse aos seguintes requirimentos:

1. Los trabajos de control permanente se realizarán de forma continuada e incluírán las siguientes actuaciones:
 - a) Verificación del cumplimiento de la normativa y procedimientos aplicables a los aspectos de la gestión económica a los que no se extiende la función interventora.
 - b) Seguimiento de la ejecución presupuestaria y verificación del cumplimiento de los objetivos asignados.
 - c) Comprobación de la planificación, gestión y situación de la tesorería.
 - d) Las actuaciones previstas en las normas presupuestarias y reguladoras de la gestión económica del sector público local atribuidas al órgano interventor.
 - e) Análisis de las operaciones y procedimientos, con el objeto de proporcionar una valoración de su racionalidad económico-financiera y su adecuación a los principios de buena gestión, a fin de detectar sus posibles deficiencias y proponer las recomendaciones en orden a la corrección de aquéllas.
 - f) En la Entidad Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que los datos e información con trascendencia económica proporcionados por los órganos gestores como soporte de la información contable, reflejan razonablemente el resultado las operaciones derivadas de su actividad económico-financiera.
2. El órgano interventor comunicará al órgano gestor el inicio de aquellas actuaciones de control permanente que requieran su colaboración.
3. Las verificaciones necesarias para el desarrollo de los trabajos de control permanente se realizarán de forma sistemática y mediante la aplicación de procedimientos de análisis de las operaciones o actuaciones seleccionadas al efecto, que permitan obtener una evidencia suficiente, pertinente y válida.
4. En el caso de que dichas verificaciones se efectúen aplicando procedimientos de auditoría se someterán, a falta de norma específica, a lo establecido en las normas de auditoría del sector público aprobadas por la Intervención General de la Administración del Estado.
5. Las actuaciones a realizar podrán consistir, entre otras, en:
 - a) El examen de registros contables, cuentas, estados financieros o estados de seguimiento elaborados por el órgano gestor.
 - b) El examen de operaciones individualizadas y concretas.
 - c) La comprobación de aspectos parciales y concretos de un conjunto de actos.
 - d) La verificación material de la efectiva y conforme realización de obras, servicios, suministros y gastos.
 - e) El análisis de los sistemas y procedimientos de gestión.
 - f) La revisión de los sistemas informáticos de gestión que sean precisos.
 - g) Otras comprobaciones en atención a las características especiales de las actividades económico-financieras realizadas por el órgano gestor y a los objetivos que se persigan.

A continuación detállanse os contidos do control permanente atendendo a tres grandes áreas: ingresos, gastos e subvencions.

1. INGRESOS.

1.1. Impostos e taxas: será obxecto de control financeiro o cumprimento do establecido na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminado para unha economía circular, no referente á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

2. GASTOS.

2.1. Gastos de persoal:

2.1.1. Carreira profesional: será obxecto de control financeiro o número de horas extraordinarias realizadas no ano 2024 polo persoal laboral do Concello.

2.2. Capítulos 2 e 6 do orzamento:

2.2.1. Comprobación contratos menores: a través dos datos da contabilidade e do modelo 347 intentarase detectar posibles fraccionamentos de contrato, para concretar as necesidades de licitación de servizos e subministros, facendo especial fincapé nos fraccionamentos detectados no control financeiro realizado durante o exercicio 2024.

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

25



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54

CSV: 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2



3. SUBVENCÍONS.

3.1. *Aportacións a grupos políticos: efectuarse control financeiro sobre o destinos dos fondos percibidos polos grupos políticos municipais con cargo aos orzamentos do Concello de Ribeira.*

3.2. *Subvencións en concorrencia competitiva: efectuarse control financeiro sobre a xustificación dunha convocatoria de subvencións.*

PARTE IV RESULTADOS, CONCLUSIÓNS E EFECTOS DO CONTROL FINANCEIRO.

IV.1. DOCUMENTACIÓN DO CONTROL FINANCEIRO.

Conforme ao previsto no artigo 35.1 do RD 424/2017, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se exporán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser subsanadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

Igualmente, terase presente, que conforme ao artigo 35.2 da mencionada disposición, a estrutura, contido e tramitación dos mencionados informes axustarase ao establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

IV.2. RESULTADOS DO CONTROL FINANCEIRO.

Á luz do establecido nos artigos 35, 36 e 37 do RD 424/2017, os resultados do control financeiro materializaranse e tramitaranse conforme se indica a continuación:

- 1. Os resultados das actuacións de control financeiro, con independencia de que sexa permanente ou de auditoría pública, documentaranse en informes escritos.*
- 2. A Intervención Xeral elevará a definitivos os respectivos informes.*
- 3. Os informes definitivos serán postos en coñecemento do Alcalde e, a través de este, do Pleno, para o seu coñecemento, que dedicará un punto independente da orde do día á súa análise.*
- 4. Ao marxe do establecido nos puntos anteriores e coincidindo coa aprobación da conta xeral, a Intervención Xeral elaborará un informe resumo de carácter anual non que se conteñan or resultados máis significativos das actuacións de función interventora de de control financeiro.*
- 5. Dito resumo anual será trasladado ao Alcalde para que, á súa vez, o eleve ao Pleno e á Intervención Xeral da Administración do Estado.*

IV.3. PLAN DE ACCIÓN.

De conformidade co artigo 38 do RD 424/2017, no prazo de 3 meses desde a remisión ao Pleno do informe resumo anual coas conclusións do control interno, o Alcalde formalizará un Plan de Acción que determine as medidas a adoptar para subsanar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe antes mencionado.

Dito Plan de Acción conterá as medias de corrección adoptadas, o responsable de implementalas e o calendario de actuacións a realizar.

O plan de acción será remitido ao órgano interventor da Entidade Local, que valorará a súa adecuación para solventar as deficiencias sinaladas e no seu caso os resultados obtidos, e informará ao Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico-financieira.

Na remisión anual á Intervención Xeral da Administración do Estado do informe resumo dos resultados do control interno informarase tamén sobre a corrección das debilidades postas de manifesto."

O Pleno queda enterado

Acta Pleno Ordinario 24 de Febreiro de 2025

26



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/04/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 01/04/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/04/2025 17:54:28

DOCUMENTO: 20251527048
Fecha: 01/04/2025
Hora: 17:54

CSV: 07E900174D0800R2O6B4V7M5L2



11.-DAR CONTA DO INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DE 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2024.

Dase conta dun informe de Tesouraría de data 24 de xaneiro de 2025 do seguinte tenor literal:

INFORME DE TESOURARÍA

RELATIVO Á AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES

PERÍODO: CUARTO TRIMESTRE 2024

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Obxecto e natureza do informe

O presente informe ten por obxecto a avaliación do cumprimento do período medio de pago a provedores (en diante PMP) do Concello de Ribeira relativo ao período de referencia.

O artigo 5.1 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, atribúe á Tesourería Municipal a función reservada de elaboración e acreditación do PMP da entidade local.

